

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de novembro de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:55 h.

HORA DE REMATE: 21:55 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 3 de novembro de 2015.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SINALIZACIÓNS VARIAS

**2.A) PROPOSTA DA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL S/MODIFICACIÓN DE
SINALIZACIÓN EN CAMIÑO VELLO DE RODEIRA COA AVDA. CASTROVIEJO**

Dáse conta de proposta do día 4.11.15 da Xefatura da Policía Local, para a modificación da sinalización do cruzamento do Camiño Vello de Rodeira coa Avenida de Castroviejo, que é como segue:

"Nº REX: 1874/15

*ASUNTO: PROPOSTA MODIFICACIÓN SINALIZACIÓN CRUZAMENTO CAMINO
VELLO RODEIRA COA AVDA. DE CASTROVIEJO*

A Xefatura da Policía Local por medio do presente informe fai constar:

Feito un estudo de sinalización da saída do Camiño Vello de Rodeira coa Avda. de Castroviejo, co fin de axilizar a circulación de vehículos, é parecer do asinante a necesidade de realizar modificacións na sinalización viaria existente na actualidade no cruzamento arriba referido.

Que ao presente informe achégase plano do lugar coas modificacións viarias propostas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente achegada dos planos indicados nela, e polo tanto que polos servizos técnicos municipais se proceda a realizar a sinalización da saída do Camiño Vello de Rodeira coa Avda. de Castroviejo.

2.B) PROPOSTA DA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN VARIAS

Dase conta de proposta do día 22.10.15 da Xefatura da Policía Local, para diversas sinalizacións, que é como segue:

"Nº REX: 1781/15

ASUNTO: PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VARIAS

A Xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente, solicita:

** O repintado horizontal nas inmediacións do Instituto de Rodeira, así mesmo, cómpre tamén a colocación dun espello na Baixada á Praia de Francón (Menduíña), un sinal vertical de limitación de velocidade a 30 km/h., e un sinal vertical de paso peonil na Aldea de Arriba, e retirar sinal vertical de prohibido estacionar autobuses no Instituto María Soliño."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Xefatura da Policía Local, e polo tanto que polos servizos técnicos municipais se proceda a realizar as sinalizacións indicadas.

2.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA AVDA. DA CORUÑA-SAN PEDRO

Dáse conta de informe emitido o día 6.10.15 pola Xefatura da Policía Local, referente a solicitude de sinalización na Avda. da Coruña - San Pedro, que é como segue:

"Nº REX: 1670/15

ASUNTO: SINALIZACIÓN NA AVDA. DA CORUÑA-SAN PEDRO

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por H. F. P., no que solicita se comprobe se procede un sinal de prohibido estacionar e se conta coa correspondente autorización no lugar de San Pedro - Avda. da Coruña, nº 90. Compróbase que efectivamente o sinal é correcto aínda que habería que reforzalo con sinalización horizontal.

Existe acordo da Comisión de Goberno do día 14/12/1992, autorizando a súa colocación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Xefatura da Policía Local, e polo tanto que polos servizos técnicos municipais se proceda a realizar a sinalización indicada.

2.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN VERTICAL EN VERÍN, RÚA DAS XESTAS E NO TELLEIRO, RÚA FERROL E RÚA BAIONA

Dase conta de informe emitido o día 30.10.15 pola Xefatura da Policía Local, referente a sinalización vertical en Verín, Rúa das Xestas e no Telleiro, Rúa Ferrol e Rúa Baiona, que é como segue:

"Nº REX: 1840/15

ASUNTO: SINALIZACIÓN VERTICAL EN VERÍN, RÚA DAS XESTAS E NO TELLEIRO, RÚA FERROL E RÚA BAIONA.

A Xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente informa:

Por parte do equipo de sinalización procedeuse a regular o tráfico rodado con sinalización vertical na zona deportiva de Verín, colocándose sinais informativas na primeira travesía da Avda. de Lugo (Campo do Alondras), coa seguinte lenda: 'Instalacións Deportivas Municipais, Piscina, Estadio de Atletismo a 300 metros', así como, tamén o escudo municipal na parte superior do sinal.

Ase mesmo repúxose a sinalización vertical na Rúa Ximeu, (unha dirección prohibida, unha obrigatoria e unha informativa de zona deportiva). Sinalizando todo o percorrido desde o Campo do Alondras ata as instalacións deportivas, con sinal de prohibido circular a máis de 20 km/h. Tamén se colocaron dous sinais de STOP, unha na saída da piscina e outra na rúa de Verín.

Na Choupana, na Rúa das Xestas colocouse un sinal de circulación prohibida agás residentes.

Na Rúa Ferrol colocouse un sinal vertical para persoas con mobilidade reducida, tamén se colocou un paso de peóns en Rúa Baiona, coa sinalización correspondente.

Na Rúa Telleiro nº 6-A, colocouse un sinal vertical de reservado para persoas con discapacidade."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Xefatura da Policía Local, e polo tanto que polos servizos técnicos municipais se proceda a realizar as sinalizacións indicadas.

2.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE MARQUESIÑA PARA PARADA DE AUTOBÚS NA MADALENA

Visto o escrito presentado o día 7.10.15 por S. S. F., no que demanda a instalación dunha marquesiña para parada de autobús no lugar da Madalena.

Dáse conta, así mesmo, de informe emitido o día 30.10.15 pola Xefatura da Policía Local, que é como segue:

"Nº REX: 1841/2015

ASUNTO: SOLICITUDE DE MARQUESIÑA PARA PARADA AUTOBÚS NA MADALENA

A Policía Local de Cangas con relación a solicitude presentada por S. S. F., onde solicita una marquesiña enfrente da Capela de San Blas na Madalena, por parte desta policía non existe inconveniente na súa colocación, pero a estrada non é competencia do concello."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento do informe emitido pola Policía Local e polo tanto, remitir o presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra, por ser a estrada da Madalena da súa competencia.

2.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN ENTRADA A GARAXE

Visto o escrito presentado o día 24.8.15 por J. M. C. F., no que demanda sinalización horizontal na entrada do seu garaxe sito na Avda. de Ourense, nº 83-Coiro.

Dáse conta, así mesmo, de informe emitido o día 2.10.15 pola Xefatura da Policía Local, que é como segue:

"Nº REX: 1650/15

ASUNTO: SOLICITUDE DE PINTADO DE ENTRADA DE GARAXE NA AVDA. DE OURENSE, Nº 83-COIRO

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e A052030, por medio do presente informan:

Que en relación ao escrito presentado por J. M. C. F., con rexistro de entrada nº 11060 do día 24 de agosto de 2015, onde pide que lle pinten a entrada do garaxe na Avda. de Ourense, nº 83, os axentes, unha vez comprobado que no mencionado portal existe placa de sinal de pasaxe permanente coa licenza municipal nº 928, non ven inconveniente en que se pinte o bordo de amarelo.

Achégase fotografía."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local e polo tanto, que polos servizos técnicos municipais se proceda á sinalización horizontal da entrada do garaxe do Sr. C. F.

2.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN ENTRADA A GARAXE

Visto o escrito presentado o día 24.8.15 por J. M. C. F., no que demanda sinalización horizontal na entrada do seu garaxe sito na Avda. de Ourense, nº 83-Coiro.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 19.502.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JUAN BARREIRO HERMELO

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 3 de novembro de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. B. H., para vivenda sita en San Antoniño, nº 47-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 19.116.

3.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.567.- O tramitado a instancia de J. P. F. e M. J. P. R., para construción de edificación adxectiva en San Cibrán - Aldán, foi denegado por situarse esta en solo rústico e non cumprir os parámetros para a súa construción previstos na LOUG, artigos 42 e 44.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.614.- A O. O. V., para en Piñeiro, nº 52 - Darbo, construír un muro de contención de 32,90 metros, de conformidade coa documentación presentada e aliñación fixada na tira de cordas do día 3 de novembro de 2015.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada o día 17 de xullo de 2015.

3.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE Nº 1.672.- CAMBIO DE ACTIVIDADE DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR M. C. P.

O tramitado a instancia de M. C. P., para cambio de actividade para comercio de venda polo miúdo de xadería en Rúa San José, nº 60-Cangas, acórdase denegalo ao non poder facer a visita de comprobación xa que o local se atopa pechado e sen actividade.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.524.- MONTE DO SANTIÑO, S.L., cerramento na Garita-Rodeira-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.609.- D. G. e J. F., cerramento en Donón-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.655.- B. L. G., substitución de cuberta en Estrada do Hío a Vilanova, nº 16-Pinténs-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.708.- M. M. P., cerramento en Parada-Coiro.

5º.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE DEMOLICIÓN REDACTADO EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DITADA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 347/2004

Dáse conta de proposta de resolución emitida o día 5.11.15 pola xefa do Servizo de Urbanismo, referente a aprobación de proxecto de demolición redactado en execución de sentenza ditada no procedemento ordinario nº 347/2004, que di o seguinte:

"De conformidade co disposto na sentenza nº 246/2006, recaída no procedemento ordinario nº 347/2004, promovido por M. C. H. B. e en virtude do previsto no art.172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais formulo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN á Xunta de Goberno Local, para a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto de DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN EPIÑEIRA, Nº 29-ALDÁN, propiedade de R. B. O., redactado polo arquitecto municipal, de novembro de 2015, por un orzamento total de DOCE MIL SETECENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (12.751,11).

2º.- Acordar o inicio do trámite para contratación dos traballos de demolición, previo informe de Intervención sobre a existencia de consignación orzamentaria."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da xefa do Servizo de Urbanismo, referente a aprobación de proxecto de demolición redactado en execución de sentenza ditada no procedemento ordinario nº 347/2004.

6º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA S/EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN Nº IN519B15/13-0

Dáse conta de escrito da Dirección Xeral de Enerxía e Minas dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se notifica ao Concello de Cangas do peche da listaxe de agarda referente ao procedemento IN519B de axudas encamiñadas á habilitación e mellora dos parques empresariais, que di o seguinte:

"ASUNTO: NOTIFICACIÓN DE PECHE DA LISTAXE DE AGARDA-CONCELLO DE CANGAS

Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (INS19B).

Procedemento: IN519B - Axudas encamiñadas á habilitación e mellora dos parques empresariais.

Solicitante: Concello de Cangas.

Expediente: IN519B15/13-0

Título da actuación: Iluminación Pública Parque Empresarial A Madalena-Cangas.

Polígono industrial: A Portela.

Con data 20 de xullo de 2015, o conselleiro de Economía e Industria ditou Resolución pola que se resolvía a Orde do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B). Ademais, esta resolución constituía a listaxe de agarda prevista no artigo 13.2 das bases reguladoras da convocatoria, fixando

como data límite do período de vixencia desta listaxe, o 30 de setembro de 2015.

Esgotado o prazo de vixencia da listaxe de agarda establecido pola resolución de 20 de xullo sen que se dispuxese de crédito axeitado e suficiente para a concesión das subvencións aos proxectos que se mantiñan nela, procedeuse á resolución de peche da dita listaxe mediante resolución do 26 de outubro, da que se achega copia, desestimándose por baixa valoración e procedéndose ao arquivo das solicitudes que formaban parte desta listaxe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento do escrito da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se notifica ao Concello de Cangas do peche da listaxe de agarda relativo ao procedemento IN519B de axudas encamiñadas á habilitación e mellora dos parques empresariais.

FACENDA

7º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
J. M. C. e B. R. S.	AVAL	1.440,40 €	EXPT. Nº 21.638 LICENZA Nº 21.036
M. D. P. P.	FIANZA	993,88 €	EXPT. Nº 23.009 LICENZA Nº 22.199

8º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

8.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 134/15 DITADA POLO XULGADO DE INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE CANGAS NO PROCEDIMENTO XUÍZO VERBAL Nº 470/2014

Dáse conta de proposta da Alcaldía referente a sentenza nº 134/15 ditada polo Xulgado de Instancia e Instrucción nº 3 de Cangas, recaída no procedemento xuízo verbal nº 470/2014, promovida por M. I. L. L., que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 134/15 DO DÍA 09/10/2015 DITADA POLO XULGADO DE INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE CANGAS NO PROCEDIMENTO XUÍZO VERBAL Nº 470/2014 (X-15/03)

Visto o fallo da sentenza nº 134/15 do día 09/10/2015 recaída no procedemento de xuízo verbal nº 470/2014, tramitado no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cangas a instancia de M. I. L. L., que dispón:

'PARTE DISPOSITIVA

Se estima integramente a demanda interposta pola procuradora dos tribunais, Sra. M. A. A. G., actuando en nome e representación de M. I. L., contra 'Concello de Cangas', representado por J. G.-P. C. e, en consecuencia, Concello de Cangas debe pagar á autora la cantidade de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €), producindo dita cantidade os intereses procesais do artigo 576 da LEC, desde a notificación da sentenza e ata o completo pago, absolvendo a 'PSG, PSOE, Cangas', representado por Alfredo Iglesias Santos.

Condeno ao Concello de Cangas ao pago da metade dos custos procesais e con respecto á outra metade cada parte aboará as súas e as comúns por metade. Notifíquese ás partes presentadas no presente procedemento. 'Contra esta sentenza non cabe recurso ningún.'

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 134/15 do día 09/10/2015 recaída no procedemento de xuízo verbal nº 470/2014 tramitado no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Cangas a instancia de M. I. L. L.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería para os efectos de que procedan ao trámite das disposicións precisas para dar cumprimento á sentenza e Apoio Xurídico, co fin de deixar constancia do presente acordo expediente nº X-15/03."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da proposta da Alcaldía referente a sentenza nº 134/15 ditada polo Xulgado de Instancia e Instrución nº 3 de Cangas, recaída no procedemento xuízo verbal nº 470/2014, promovida por M. I. L. L.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Apoio Xurídico.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDES DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO AMBULANTE DE CANGAS

Examinada a proposta do día 4.11.15 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a solicitudes de postos de venda no Mercado Ambulante de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2015

ANTECEDENTES

Os seguintes interesados/as, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan a autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

INTERESADO/A DATA SOLICITUDE Nº ENTRADA Nº EXPEDIENTE

<i>E. F. L.</i>	<i>13/03/2015</i>	<i>3.176</i>	<i>ME 15/010</i>
<i>I. L. F.</i>	<i>26/05/2015</i>	<i>7.095</i>	<i>ME 15/011</i>
<i>R. J. J.</i>	<i>29/05/2015</i>	<i>7.290</i>	<i>ME 15/012</i>
<i>F. S.</i>	<i>29/05/2015</i>	<i>7.292</i>	<i>ME 15/013</i>
<i>A. J. S.</i>	<i>12/06/2015</i>	<i>7.984</i>	<i>ME 15/014</i>
<i>R. A. P. M.</i>	<i>15/06/2015</i>	<i>8.089</i>	<i>ME 15/015</i>
<i>EI M. I.</i>	<i>16/06/2015</i>	<i>8.106</i>	<i>ME 1,5/016</i>
<i>N. G. J.</i>	<i>16/06/2015</i>	<i>8.134</i>	<i>ME 15/017</i>
<i>M. D. M. M.</i>	<i>19/06/2015</i>	<i>8.323</i>	<i>ME 15/018</i>
<i>S. S. F.</i>	<i>30/06/2015</i>	<i>8.844</i>	<i>ME 15/019</i>
<i>I. R. P.</i>	<i>07/07/2015</i>	<i>9.133</i>	<i>ME 15/020</i>
<i>P. J. P.</i>	<i>31/07/2015</i>	<i>9.999</i>	<i>ME 15/021</i>
<i>M. A. V. B.</i>	<i>07/08/2015</i>	<i>10.275</i>	<i>ME 15/022</i>
<i>P. P. U. O.</i>	<i>07/08/2015</i>	<i>10.291</i>	<i>ME 15/023</i>
<i>C. Q. S.</i>	<i>11/08/2015</i>	<i>10.418</i>	<i>ME 15/024</i>
<i>V. D. V.</i>	<i>12/08/2015</i>	<i>10.514</i>	<i>ME 15/025</i>
<i>M. A. M. M.</i>	<i>02/09/2015</i>	<i>11.396</i>	<i>ME 15/026</i>
<i>M. A.</i>	<i>23/09/2015</i>	<i>12.209</i>	<i>ME 15/027</i>
<i>U. P. P.</i>	<i>02/10/2015</i>	<i>12.700</i>	<i>ME 15/028</i>
<i>J. F. P.</i>	<i>13/10/2015</i>	<i>13.138</i>	<i>ME 15/029</i>

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando a ordenanza, e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a data de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos/as referidos/as interesados/as.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo aos/ás interesados/as con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a solicitudes de postos de venda no Mercado Ambulante de Cangas.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DOS PREMIOS XOHAN DE CANGAS E IGNACIO CERVIÑO-2015

Dáse conta da acta da reunión realizada o día 6.11.15 polo xurado para a concesión dos premios "XOHAN DE CANGAS" e "IGNACIO CERVIÑO", correspondente á convocatoria 2015, que é como segue:

"ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS XOHÁN DE CANGAS E IGNACIO CERVIÑO-CONVOCATORIA 2015, REALIZADA O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2015

Asistentes:

- D. Héitor Mera Herbello (Concelleiro de cultura e normalización lingüística): presidente.*
- Dna. M^a Jesús Torres Estarque.*
- D. Fernando Cuñarro Pintos.*
- Dna. María del Mar Núñez Villar.*
- D. Moisés Barcia Rodríguez.*
- D. Estanislao Graña García.*
- D. Juan José Pérez Estévez: secretario.*

No Auditorio Municipal de Cangas sendo as 18:00 horas do día 6 de novembro de 2015, reúnen-se os/as sres./as que máis arriba se relacionan co obxecto de realizar a reunión do xurado dos Premios Xohán de Cangas e Ignacio Cerviño, relativos á convocatoria de 2015. Abre a sesión o Sr. concelleiro de cultura e normalización lingüística, D. Héitor Mera Herbello, saúda e agradece a participación dos asistentes neste xurado. Así mesmo, informa das distintas propostas presentadas por escrito polos colectivos sociais e culturais para optar aos premios, e convida aos membros do xurado a que presenten propostas "in voce". Logo de analizar as candidaturas presentadas e ponderados os seus méritos, o xurado adopta o seguintes acordo:

** PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA/ LITERARIA*

Por unanimidade resultou gañadora do premio: PILAR PIÑEIRO LEMOS.

** PREMIO IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO*

Por unanimidade resultou gañador do premio: FRANCISCO MALLO LAGOA.

** PREMIO XOHAN DE CANGAS Á LABOR CULTURAL*

Por unanimidade resultou gañadora do premio: A. C. LEMBRANZAS DA RÍA."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento da referida acta do xurado para a concesión dos premios "XOHÁN DE CANGAS" e "IGNACIO CERVIÑO", correspondente á convocatoria 2015, e polo tanto, felicitar ós/ás gañadores dos mencionados premios.

B) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO

CONTRATO DE SERVICIOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS

Dáse conta de proposta de resolución do día 9.11.15 do concelleiro de ensino e deporte, referente a aprobación do expediente de modificación do contrato de servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da Piscina Cuberta de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN"

O día 19 de outubro de 2015 se adxudicou, por acordo da Xunta de Goberno Local, o contrato de SERVICIOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS', subscribíndose o contrato o día 28 de outubro de 2015, por medio do cal o contratista adxudicatario se comprometía a levar a cabo os servizos sinalados con estrita suxeición aos prezos, pregos de condicións e demais documentos contractuais.

De acordo co mencionado contrato, o prezo foi fixado en CENTO OITENTA MIL OITOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (180.895,00€) co 21% de IVE incluído e coas melloras comprometidas cuxa descrición e condicións constan na oferta do adxudicatario.

Por razón de interese público, debido a omisión nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas da inclusión a obriga do contratista de colaborar cos servizos municipais de tesourería na xestión recaudatoria en período voluntario do prezo público da piscina municipal, é necesaria unha modificación no contrato.

A modificación, que en ningún caso afectan as condicións esenciais do contrato, limitarase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a xustifica.

Así mesmo, debe indicarse que a modificación non suporá alteración ningunha no prezo do contrato nin no seu réxime financeiro, polo que se manterá o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados básicos na adxudicación, considerándose improcedente a convocatoria dunha nova licitación polas unidades ou prestacións que constitúen a modificación.

Despois de ver o que antecede e de acordo co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que subscribe traslada a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o expediente de modificación do contrato de servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da Piscina Cuberta de Cangas, nos termos expostos no anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Que se lle dea audiencia ao contratista por un prazo de cinco días hábiles, con traslado da proposta de modificación, para que poida presentar as alegacións que considere pertinentes."

Advertido que o expediente non conta cos informes preceptivos de secretaría e intervención, por non ter sido entregado o mesmo nos departamentos correspondentes coa antelación necesaria para a súa emisión (Artigo 83.2 LRJPAC).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de ensino e deporte, referente a aprobación do expediente de modificación do contrato de servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da Piscina Cuberta de Cangas.

C) APROBACIÓN DE PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Dase conta de proposta do día 5.10.15 do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de conta xustificativa correspondente á subvención concedida para a organización de programas para a dinamización lingüística, que di o seguinte:

"PROPOSTA

Que con relación á axuda concedida polo importe de MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS (1.717,00 €), para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local, de conformidade coa solicitude formulada por este concello ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do día 28 de abril de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

Vista a memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, na que fai constar o desenvolvemento do programa e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA da subvención concedida polo importe de MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS (1.717,00 €), para a organización de programas para a dinamización lingüística polo importe total de

MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (1.875,87 €), de conformidade ao seguinte desglose:

Nº factura	Aprobación por	Importe	€	sen	IVE
Data de emisión	Proveedor CIF	Concepto	e con IVE		
Resolución de factura					
Alcaldía e data de pagamento					
11/2015	LAR DOS CONTOS				
15/05/2015	34948379V	Obradoiros interculturais dentro	495,87		
10/06/2015		das XI xornadas interculturais	600,00		
11/06/2015					
1	TEATRO	Actuación e presentación	300,00		
30/03/2015					
12/02/2015	CADAQUÉN	do entroido 2015	300,00		
14/03/2015					
	G36585388				
2015/02	AURIA	Sonido de carnal 2015	680,00	30/03/2015	
18/02/2015	ESPECTÁCULOS S.C.		822,00		
14/04/2015					
	J32449431				
006/15	DINAMO	Dinamización festa infantil de entroido	400,00		
30/03/2015					
15/02/2015	B70084272		482,00		
14/04/2015					

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de conta xustificativa correspondente á subvención concedida para a organización de programas para a dinamización lingüística.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente